

Down Galicia demanda maior concreción na aplicación da Lei Celaá

O Movemento Down afronta unido con optimismo o 2021

Un estudo internacional revela novos datos sobre a relación entre Covid-19 e síndrome de Down

CONSTANCIA E ILUSIÓN, INGREDIENTES PARA ACADAR E MANTER UN EMPREGO

“Ter síndrome de Down non me impediu conseguir as miñas metas”

ÍNDICE

“Ter síndrome de Down non impediu conseguir as metas”	3
O Movemento Down afronta unido con optimismo o 2021	5
Down Galicia roga concreción na aplicación da Lei Celaá	7
Un estudo amosa a relación Covid e síndrome de Down	11
Down Galicia pide prioridade na vacinación do colectivo	15
A discapacidade na reconstrución social tras a pandemia	17
Éxito de participación no Encontro de Down España	21
Política Social colabora no proxecto de envellecemento	25
Máis noticias?	29
Séguenos!	30

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



dereitos

**“TER SÍNDROME DE DOWN NON ME
IMPEDIU CONSEGUIR AS MIÑAS METAS”**



Conscientes da crise sanitaria actual, as persoas usuarias do programa de emprego de Down Coruña quixeron reflexionar sobre a importancia de manter os seus postos de traballo, así como de non perder a esperanza de que as súas oportunidades chegarán, no caso daquelas que están en proceso de procura de emprego.

Durante a súa conversación, Miguel Taibo, usuario da entidade, quixo compartir os seus recordos e a súa experiencia. Pasaron nin máis nin menos que 11 anos desde que empezou a traballar en Alcampo. Rememora os seus inicios con ilusión. “Lembro o apoio do preparador laboral, que ao principio estaba moito tempo comigo ensinándome, e que a miña coordinadora Ana dicíame ‘Ti e mais eu farémonos vellos aquí’, e aquí seguimos”, comenta.

Ante a pregunta de en que cría que tiña cambiado ao longo destes 11 anos, Miguel non dubida en destacar que nunca se imaxinou estar a traballar cos seus compañeiros e compañeiras tanto tempo e destaca que ao principio era máis calado e agora relaciónase máis con todos e todas.

Sinala que segue sendo moi feliz no seu traballo. “Noto que madurei, estou pendente de cobrar a fin de mes e xestiono o meu diñeiro. Cos cartos que gaño, entre outras cousas, pago a cota do Deportivo da miña nai e a miña, fago agasallos á miña familia e convido os meus amigos e amigas a tomar algo”.

“Estou moi orgulloso do que conseguín. Ter síndrome de Down non me impediu conseguir as miñas metas”.

AS ENTIDADES DOWN DE GALICIA E AS SÚAS PERSOAS USUARIAS AFRONTAN XUNTAS CON OPTIMISMO O NOVO ANO

A través dunha iniciativa do departamento de comunicación de Down Galicia, no mes de decembro as 7 entidades Down do país realizaron a distancia dúas accións de encontro aproveitando o peche do 2020 e o nadal.

Primeiramente realizouse un balance de ano en forma de relato en primeira persoa. Abel (Xuntos), Francisco (Down Lugo), Irene (Compostela) e Mar (Teima), persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, puxeron voz ás diversas experiencias que tanto el@s, como familias e profesionais viviron ao longo destes 12 meses.

Co vídeo, as entidades quixeron dar un punto de vista esperanzador e positivo dunha etapa tan difícil. Deuse conta de como se adaptou o traballo en casa, dos momentos vividos en familia e diferentes maneiras de seguir en activo nas nosas entidades.

Coa chegada do nadal, as 7 organizacións tamén quixeron contaxiar o espírito festivo desas datas cun videoclip natalicio. Traballando, bailando, reivindicando ou cantando, usuari@s e profesionais amosaron como tod@s, na distancia, seguimos arroupados polo Movemento Down tentando acadar os obxectivos por unha sociedade totalmente inclusiva, xusta e igualitaria.



Balance do 2020 en primeira persoa



Felicitación de nadal das entidades Down

DOWN GALICIA E DOWN ESPAÑA DEMANDAN CONCRECIÓN NA APLICACIÓN DA LEI CELAÁ

Un paso á fronte decidido e acorde á Convención dos Dereitos das Persoas con Discapacidade da ONU para garantir unha educación inclusiva. É o que demandan as federacións Down Galicia e Down España tras a aprobación no Congreso da nova lei educativa LOMLOE. As entidades solicitan que o Goberno estatal e a Xunta de Galicia deixen atrás o medo á renovación pedagóxica e invistan nunha educación de calidade para todo o alumnado, pois a gran maioría dos alumnos coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais que asisten a centros ordinarios non recibe os apoios necesarios.

Ambas organizacións recoñecen o avance que implica, no tocante a favorecer a educación inclusiva, a aprobación no Congreso da LOMLOE, coñecida mediáticamente como lei Celaá. Con todo, consideran que non é suficiente, xa que a lei non garante unha educación inclusiva de calidade e para todo o alumnado, nin a achega económica necesaria para levala a cabo.

Por iso, Down Galicia e Down España piden ao Goberno estatal que concrete as súas intencións de mellorar a inclusión do alumnado con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais a través dun Plan Nacional para a Inclusión Educativa.

Esta pretensión está máis que xustificada de acordo ao ordenamento xurídico vixente, pois España ratificou no ano 2008 a Convención dos Dereitos das Persoas con Discapacidade da ONU, que obriga a garantir o dereito a unha educación inclusiva de calidade para todos os nenos e nenas con discapacidade. A realidade é outra, a inmensa maioría do alumnado con síndrome de Down, discapacidade intelectual ou con necesidade de apoio educativo non tendo discapacidade algunha asisten a centros ordinarios sen recibir o apoio, atención e inclusión que precisan e ao que teñen dereito.

O sistema educativo necesita unha revisión profunda: non se trata só de incluír e facer partícipe a todo o alumnado nos centros ordinarios, senón de ofrecer as garantías para unha educación inclusiva real. Para iso, é necesario desenvolver novas metodoloxías e non centrar este novo modelo nos diferentes déficits do alumnado, senón en eliminar as barreiras para a aprendizaxe de todos os alumnos, con independencia de se teñen ou non discapacidade. Trátase de crear un novo modelo de escola centrada nas potencialidades do alumnado e non nas súas limitacións, para asegurar o progreso de todos e todas, con independencia das súas características.

O INVESTIMENTO, CHAVE DA TRANSFORMACIÓN

España, tal e como se recolleu en diversos informes do Comité de Seguimento da Convención dos Dereitos sobre as Persoas con Discapacidade das Nacións Unidas,

está lonxe de conseguir a inclusión plena do alumnado con discapacidade. E o problema non é só a falta de dotación económica e de apoios dos centros ordinarios, vital para lograr o obxectivo, senón que tamén radica nunha falta de vontade e de compromiso á hora de incluír aos nenos e nenas con discapacidade nos centros ordinarios e na carencia de plans de formación do profesorado para atender á diversidade do alumnado.

Doutra banda, Down Galicia e Down España consideran imprescindible diminuír as ratios de alumnos por profesor, xa que un número elevado imposibilita unha atención máis personalizada, así como aumentar considerablemente a contratación de persoal docente. O balance actual é un sistema educativo que vai en contra da tendencia de países pioneiros a nivel educativo como Finlandia, que contan con ratios máis baixas e con profesores de apoio na aula, ademais dunha alta cualificación do docente para atender a todo o alumnado, con independencia das súas características.

A alta cualificación do profesorado require dun labor continuo de formación e investigación en prácticas educativas inclusivas e pioneiras que os manteña preparados para realizar o seu labor profesional. Trátase de converter ao profesorado en axentes de transformación educativa nas escolas. Só así se logrará que profesores e alumnos, con e sen discapacidade, poidan beneficiarse dunha escola para todos e todas, dunha escola inclusiva.

Desde Down Galicia pedimos ao Goberno estatal e á Xunta de Galicia que deixen atrás as inercias e medos á renovación pedagóxica e invistan nunha educación de calidade para todo o alumnado, con independencia das súas características. A federación considera que é o momento de actuar con valentía, con respecto ás leis e contar co talento e coñecemento experto que ten a comunidade educativa. Só así se conseguirá que os nenos e nenas con discapacidade reciban a educación de calidade que por dereito correspóndelles.



UN ESTUDO INTERNACIONAL DE T21RS OFRECE NOVOS DATOS SOBRE A RELACIÓN ENTRE COVID-19 E SÍNDROME DE DOWN

A sociedade científica Trisomy 21 Research Society (T21RS) continúa a investigación internacional sobre os efectos da COVID-19 nas persoas coa síndrome de Down. É o estudo máis extenso e completo deste tipo, no que se recolleron máis de 1000 casos de persoas coa síndrome de Down de todo o mundo. Os casos foron reportados por familias e por profesionais clínicos, recolléndose así toda a información dispoñible sobre as condicións de vida das persoas, posibles enfermidades preexistentes e curso da enfermidade.

Os resultados do estudo ata o momento, indican que as persoas coa síndrome de Down son un grupo moi heteroxéneo ante a enfermidade, cuxos factores de risco ante os resultados máis graves (hospitalización e falecemento) son similares aos da poboación xeral.

Entre eles atopamos a idade, a diabetes, a obesidade ou o sexo masculino, ademais de enfermidades cardíacas conxénitas, como factor de risco de hospitalización en persoas coa síndrome de Down. Con todo, é fundamental sinalar que, mentres que na poboación xeral o risco de resultados desfavorables ante a COVID-19 aumenta a partir de ao redor dos 60 anos, nas persoas coa síndrome de Down acentúase despois dos 40 anos.

Por tanto, en base aos resultados deste estudo internacional, non podemos considerar ás persoas coa síndrome de Down menores de 40 anos como grupo extremadamente vulnerable polo feito de ter síndrome de Down, agás se padecen patoloxías previas de risco que lles inclúan dentro dos grupos vulnerables, como son as de obesidade, epilepsia ou demencia.

Por este motivo, e de igual maneira que ocorre coas orientacións cara á poboación xeral, recoméndase a todas as persoas con síndrome de Down evitar os comportamentos de risco e adoptar as precaucións necesarias para reducir a propagación da infección, como lavarse as mans frecuentemente, o distanciamento social, o uso de máscara e a garantía de que as vacinacións recomendadas e os controis estean ao día.

Para os maiores de 40 anos, ademais do anterior, evitar as estancias prolongadas en espazos interiores ou non ventilados, a vacina da gripe estacional e pneumocócica, así como manter un bo nivel de vitamina D (a través dunha alimentación saudable, contacto co exterior, toma de sol natural e suplemento vitamínico se fose necesario). Seguindo estas recomendacións, as condicións de risco redúcense e é moito máis probable evitar os contaxios e as complicacións que poida producir a enfermidade.

[Accede aquí ao estudo sobre o impacto da COVID-19 en persoas coa síndrome de Down](#)



DOWN GALICIA SOLICITA Á XUNTA PRIORIDADE PARA O COLECTIVO NA VACINACIÓN CONTRA A COVID-19

Tendo en conta o Plan de Vacinación Estatal contra a COVID-19, Down Galicia enviou unha solicitude á Consellería de Sanidade, incluíndo información relevante froito da investigación realizada por T21RS, que xustifica a conveniencia de incluír ás persoas coa síndrome de Down dentro dos grupos prioritarios de vacinación.

A Sociedade internacional de Investigación sobre a Trisomía 21 (T21RS) realizou un estudo –tal e como se explica na noticia anterior– que mostra que as persoas coa síndrome de Down, particularmente as que teñen máis de 40 anos e as máis novas con comorbilidades importantes, corren un maior risco de ter resultados máis graves tras a infección por COVID-19, incluíndo complicacións pulmonares secundarias.

Por iso, e considerando os resultados iniciais da investigación, Down Galicia decidiu secundar aos expertos do Comité Médico Asesor da federación estatal Down España, que indicaron a conveniencia de incluír inmediatamente ás persoas coa síndrome de Down maiores de 40 anos e ás menores desa idade con comorbilidades significativas dentro dos grupos de risco e, por tanto, prioritario para a vacinación, e de recomendar a inclusión do resto de persoas con esta alteración cromosómica por un principio de precaución.

Ademais, o Calendario Español de Vacinación recoñece un calendario de vacinacións específico para as persoas coa síndrome de Down, pola súa particular predisposición a padecer infeccións no tracto respiratorio, unido a unha menor resposta inmunitaria a certas vacinas. Por iso, xa forman parte do grupo prioritario para vacinas como a Hepatite B, a vacina antineumocócica ou a vacina antigripal.

Down Galicia espera que seguindo as directrices da Estratexia de Vacinación COVID-19 en España, se manteña a importancia do principio de atención ás persoas con discapacidade máis vulnerables, e dar prioridade por tanto ao grupo de poboación que conforman as persoas coa síndrome de Down.

Doutra banda, Down Galicia mostrouse á disposición da Consellería de Sanidade para ampliar ou profundar a información necesaria respecto a este asunto.



O CERMI ESIXE QUE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE ESTEAN PRESENTES NA RECONSTRUCCIÓN SOCIAL TRALA PANDEMIA

O Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad (CERMI) e a Fundación CERMI Mujeres (FCM) esixen que as persoas con discapacidade estean presentes na reconstrución social e económica, xa que consideran que son un dos grupos sociais “máis castigados” pola pandemia, colocándolles nunha “posición de fragilidade extrema” nesta emerxencia sanitaria.

Así o recolle o CERMI no manifesto que a entidade elaborou con motivo do Día Internacional e Europeo das Persoas con Discapacidade (3 de decembro), no que alerta do “impacto exacerbado da pandemia” nas persoas con discapacidade e as súas familias e da “devastación intensa e extensa” que afectou a este grupo de poboación nas súas estruturas e redes de apoio que, segundo CERMI, sempre foron “precarias” e agora atópanse “case exhaustas”.

Segundo recolle o manifesto, durante estes meses houbo multitude de informes, estudos e investigacións que evidencian as xeneralizadas violacións de dereitos que as persoas con discapacidade, sobre todo as persoas con discapacidade maiores, experimentaron neste tempo de pandemia e que o CERMI cualifica como “unha cartografía ao lado escuro do que nos tocou vivir estes meses e da súa alongada sombra para os próximos”.

Para conseguir a “anhelada reconstrución social e económica” o CERMI avoga por unha alianza entre os poderes públicos, o tecido empresarial e a sociedade civil organizada, para “levar a cabo unha co-gobernanza”.

Entre as medidas concretas que expón a plataforma representativa da discapacidade en España para que as persoas con discapacidade, as súas familias e as súas estruturas cívicas de benestar estean na reconstrución social, destaca a creación “inmediata”, na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, dun Fondo de rescate de emerxencia postpandemia de 300 millóns de euros para o sector social da discapacidade, dentro dun máis amplo e global de 1.000 millóns de euros para todo o terceiro sector de acción social de ámbito estatal.

Tamén reclama a constitucionalización coa categoría de fundamentais dos dereitos sociais na Carta Magna e atribuír ao Estado o carácter de regulador e garante último deses dereitos sociais.

O movemento social da discapacidade tamén solicita a adopción dun novo marco estatal para a inclusión laboral, para aumentar, en cinco anos, a taxa de actividade laboral ata o 50%, o que supoñería a “creación de máis 200.000 novos empregos dignos e decentes”.

Entre as peticións tamén avogan por “acabar coa hostilidade da contorna cara ás persoas con discapacidade” e lograr ver implantada a “accesibilidade universal en todas as contornas”.

Segundo afirma o CERMI no documento, a transformación dixital das estruturas, dos procesos e da vida social non pode facerse a expensas ou expulsando ás persoas con discapacidade, xa que “o dixital debe ser accesible, alcanzable e sensible coa diversidade humana”.

Outra das medidas que esixe é “contar cos apoios suficientes e efectivos que deben proporcionar os poderes públicos para que as persoas con discapacidade poidan elixir como e onde vivir, e como desenvolver un proxecto de vida libremente elixido, estendendo a autonomía persoal e facendo realidade a vida independente”. Neste sentido, reclama a universalización da inclusión a través da disposición de “apoios reais, suficientes e individualizados en todas as contornas da vida da persoa con discapacidade” e a creación “dun auténtico espazo sociosanitario, como provedor de benestar e rede de soporte, que garanta apoios para unhas condicións dignas de vida ás persoas con necesidades complexas e superpostas: educativas, sociais e sanitarias”.

A posta en marcha de políticas familiares que outorguen unha “protección intensificada a aquelas familias nas que existe unha situación de discapacidade”; ou a “dotación de recursos e apoios para as persoas con discapacidade, especialmente as de idade avanzada, que residen no medio rural para “desenvolverse humanamente alí onde queren vivir e contribuír así a un desenvolvemento sostible que diminúa a precariedade económica” son outras das reivindicacións do movemento CERMI.

Por último, o CERMI asegura que é necesario que “os fondos europeos mobilicen os recursos suficientes que teñan como destino promover activamente a inclusión social das persoas con discapacidade” e que este financiamento permita “acometer a reconstrución social, económica e tecnolóxica tras a pandemia do coronavirus COVID-19 co fin de xerar un cambio social en todos os ámbitos da sociedade”.

[Consulta aquí o manifesto do CERMI](#)



ÉXITO DE PARTICIPACIÓN NO 20º ENCONTRO DE FAMILIAS DE DOWN ESPAÑA

O 20 e 21 de novembro tivo lugar o 20º Encontro de Familias de Down España, o primeiro que se celebra de maneira virtual debido á actual situación sanitaria derivada da COVID-19. A pesar da novidade no formato, calcúlase que o evento contou coa asistencia de máis de 2000 persoas de 27 países distintos.

Durante estes dous días, persoas coa síndrome de Down e as súas familias puideron gozar das distintas conferencias e debates nas que participaron expertos e expertas en diversas áreas de interese para o colectivo, así como de momentos máis lúdicos.

CONCLUSIÓN «RETOS PARA CONSTRUIR O 2021»

As organizacións de familias son a nosa forza

A nosa historia, os nosos avances, os nosos logros, construíronse grazas á nosa habilidade en traballar de forma conxunta entre familias. As nosas organizacións creáronse por e para as familias, dirixidas por familias e envorcadadas nas familias. Esa é a nosa forza, e queremos que alá onde haxa unha familia dunha persoa coa síndrome de Down, se busque colaboración e contacto con outras. Unha familia illada e centrada só en si mesma non conseguirá avanzar, nin romper barreiras, nin conseguir cambios. A nosa forza como familias son as nosas organizacións e como nos impliquemos nelas.

Ser máis eficaces

A experiencia de longos anos indícanos que canto máis participativas son as asociacións e fundacións, e que canta máis voz e decisión dan ás familias que as forman, conseguimos mellores resultados. As nosas organizacións deben seguir mellorando en 2021, ser máis eficaces na súa xestión e en como conseguen implicar ás familias e persoas coa síndrome de Down na toma de decisións. Hai que optar por que os equipos profesionais estean centrados e sexan parte dos valores da organización e que non nos conformemos en que sexan simples xestores. Ser máis eficaces quere dicir estar fortemente orientados cara aos valores e ideario de exercicio de dereitos, autodeterminación individual e a inclusión das persoas coa síndrome de Down.

O futuro necesita unha sociedade máis inclusiva

Unha sociedade que separa ás persoas con síndrome de Down coa escusa de que así as protexe mellor, non é a sociedade que queremos construír para as nosas fillas e fillos. Debemos dar pasos cara a espazos, actividades e accións máis inclusivas, se queremos construír esa sociedade que inclúe, para que sexa un grupo humano no que as persoas coa síndrome de Down poidan ser iguais aos demais en dereitos e en respecto. É posible avanzar e ir construíndo nese camiño, pero só se cremos niso e imos dando pasos cara a adiante. O que non é inclusión, a longo prazo será sempre separación e segregación.

As persoas con síndrome de Down deben ter vida adulta

Por moito tempo negamos a vida adulta das persoas coa síndrome de Down. Con todo, cada vez viven máis anos, envellecen xunto aos seus proxenitores e enfróntanse ás realidades dunha persoa adulta, pero parece que non terminamos de velas como persoas adultas e actuar en consecuencia. Podemos mellorar moito neste sentido, as nosas familias e asociacións deben centrarse en facilitar a vida adulta activa das persoas coa síndrome de Down. Ao mesmo tempo temos que enfrontarnos a que as persoas coa síndrome de Down terán un envellecemento precoz, pero que iso non ten porque levar consigo un estilo de apoios e de vida pasiva ou institucionalizada.

Conseguir unha vida máis plena para as mulleres


Descubrimos que é real que as mulleres viven aspectos de maior discriminación e vulneración, e que o mesmo tamén sucede nas persoas coa síndrome de Down. É necesario pensar nas nosas organizacións e familias para liquidar os hábitos de exceso de preocupación pola súa vulnerabilidade ou de falsa seguridade que controlan ou someten ás mulleres: a súa afectividade, a súa sexualidade, os seus hábitos de saúde, o seu acceso ao emprego, o seu papel de apoio na familia, a súa presenza en actividades deportivas e de lecer, etc. En todo iso hai tratos diferentes entre mulleres e homes, entre mozos e mozas e persoas adultas coa síndrome de Down segundo o seu sexo. Temos que mellorar a liberdade das mulleres e ser activos a favor dela.

Que se escoite a voz das persoas con síndrome de Down

Cada vez que preguntamos e poñemos realmente o escenario para elas, as propias persoas coa síndrome de Down, coa súa propia voz, fálannos alto e claro. Dinnos que as escoitemos, que queren ser autónomas e non sentirse como eternas persoas tuteladas, e din aos seus familiares que non teñan medo, que non lles sobreprotexan.

PRÓXIMO DESTINO, SEVILLA

Tras a lectura das conclusións e a despedida de Mateo San Segundo, Pablo Vázquez e María Teresa Caballero, de Down Sevilla e Down 21 Sevilla, anunciaron que o próximo 21º Encontro de Familias celebrárase en Sevilla do 8 ao 11 de outubro, coincidindo co 30º aniversario de Down España.



POLÍTICA SOCIAL COLABORA CO PROXECTO DE AVALIACIÓN DO ENVELLECIMENTO DE DOWN GALICIA

A través dun convenio de colaboración asinado o pasado mes de setembro, a Consellería de Política Social contribúe ao financiamento das actuacións que Down Galicia está a desenvolver durante este ano 2020 no eido do envellecemento activo.

Este acordo, que achega á Federación cento corenta mil euros (140.000€), ten por obxectivo a realización dun proxecto de avaliación do envellecemento das persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual, que está a beneficiar a aqueles membros da Federación en etapa adulta e ás súas familias.

Deste xeito, asegúraselles a adecuación dos recursos de atención e avaliación nesta etapa, para facilitarlles maiores oportunidades de envellecemento activo e saudable que fomenten a súa independencia e autonomía persoal, así como a mellora da súa calidade de vida.

As actuacións desenvolvidas durante o período de vixencia do convenio son:

- Revisión do fondo bibliográfico, valorando diferentes investigacións sobre o envellecemento das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais para aproveitar os estudos, conclusións e liñas de actuación xa existentes.

- Difusión do proxecto entre as persoas usuarias que se benefician das actuacións vencelladas ao mesmo.
- Actualización e aplicación de distintos protocolos, xa que supoñen unha medida anticipatoria dos síntomas que implica o proceso de envellecemento. Nesta actuación destacan:
 - Actualización do protocolo de avaliación e seguimento do envellecemento
 - Aplicación do mencionado protocolo ás persoas beneficiarias do proxecto coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual
- Análise de datos e de necesidades, a través do que se poderán extraer conclusións como a idade na que se detectan os primeiros signos de deterioro cognitivo, relación entre envellecemento precoz e grao de discapacidade e relación entre envellecemento precoz e traxectoria de vida.
- Establecemento de liñas de actuación e recursos de apoio.

Unha vez obtidas as primeiras conclusións da análise de datos, será imprescindible darlle unha continuidade a través da identificación dos recursos e apoios que se consideran necesarios para dar resposta á atención das necesidades detectadas e referidas ás persoas coa síndrome de Down.

Aínda que a situación vivida en 2020 foi excepcional por mor da pandemia, as actividades programadas ao abeiro deste proxecto non se viron afectadas, xa que, en función do que cada entidade precisa en cada momento, combínase a atención presencial coa impartida a distancia.



MÁIS NOTICIAS?

Accede a www.downgalicia.org para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para delas!

[Down Lugo pon á venda máscaras para loitar contra a pandemia da COVID-19](#)

A asociación Down Lugo acaba de lanzar unha tirada de máscaras de dobre protección para facer fronte ao coronavirus. Reutilizable ata 20 lavados, está dispoñible en dous tamaños, para grandes e cativ@s.

[Down Coruña edita o seu Calendario Solidario co desexo dun 2021 cheo de diversidade e inclusión](#)

Down Coruña pon á venda o Calendario Solidario 2021 para achegar e sensibilizar á sociedade sobre a realidade das persoas con síndrome de Down. Os fondos recadados destínanse integramente a financiar as actividades diarias da asociación.

[Un grupo de mozos e mozas de Teima gañan o Desafío Poético da Deputación da Coruña](#)

Un grupo de Teima Down Ferrol participou en novembro no Desafío Poético, unha iniciativa que busca facer da rima e das redes unha reivindicación contra a violencia machista. Tralo proceso de votación en redes sociais, os teimudos e teimudas lograron a vitoria na categoría #DesafíoXuvenil.

SÉGUENOS!



DownGalicia.org



Facebook.com/DownGalicia



Twitter.com/DownGalicia



Youtube.com/DownGalicia



Flickr.com/DownGalicia

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo comunicacion@downgalicia.org.

[Consulta a nosa política de privacidade](#)

Subvencionado por



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

